



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CPR QUIÑONES DE LEÓN

CURSO 2023-2027

ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- MARCO LEGAL
- 3.- CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO
 - ⊙ SITUACIÓN DO PROFESORADO
 - ⊙ SITUACIÓN DO ALUMNADO
 - ⊙ SITUACIÓN DO CENTRO
- 4.- OBXECTIVOS XERAIS
- 5.- OBXECTIVOS POR ETAPAS
 - ⊙ EDUCACIÓN INFANTIL
 - ⊙ EDUCACIÓN PRIMARIA
 - ⊙ EDUCACIÓN SECUNDARIA
- 6.- MEDIDAS GRADUAIS PARA FOMENTAR O USO DO GALEGO
- 7.- ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS CON RESPECTO Á LINGUA
- 8.- LISTAXE DE MATERIAS E LINGUA EN QUE SE IMPARTEN
 - ⊙ PORCENTAXE DE HORAS NAS LINGUAS
- 9.- PROXECTO BILINGÜE
- 10.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 - ⊙ ACTIVIDADES PERIÓDICAS E CONCRETAS
- 11.- ÁMBITOS E SECTORES DO CENTRO
 - ⊙ ADMINISTRACIÓN
 - ⊙ XESTIÓN ACADÉMICA E PEDAGÓXICA
 - ⊙ INTERACCIÓN DIDÁCTICA
 - ⊙ RELACIÓN CO CONTEXTO FAMILIAR
- 12.- ADDENDA E REVISIÓN

DATOS DO CENTRO

Denominación: **CPR QUIÑONES DE LEÓN**

Código: **36011865**

Enderezo: **Travesía de Vigo, 36**

Localidade: **Vigo (Pontevedra)**

CP: **36206**

Teléfono: **986 278 089**

Enderezo electrónico: cpr.quinones.leon@edu.xunta.es

Páxina web: www.quinonesdeleon.es

1. INTRODUCCIÓN

O ámbito educativo constitúe unha institución clave nos procesos de produción e de reprodución dos grupos lingüísticos.

Unha lingua tenderá a desenvolver máis ou menos prestixio na medida en que a súa aprendizaxe e a súa práctica teña un valor funcional na estrutura social. A ausencia de prestixio lingüístico contribuirá á desmotivación cara á aprendizaxe e cara ao uso dunha determinada lingua propiciando unha reducida produción e reprodución lingüística. Pola súa parte, unha lingua socialmente prestixiada terá o efecto contrario: mobilizará consciencias, esforzos e investimentos individuais.

Este documento analizará os resultados das enquisas realizadas dentro da comunidade educativa e propondrá pautas de actuación para mellorar os resultados acadados.

2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, e ten como principais referentes legais os seguintes:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 (PO 447/10, 588/10 e 595/10) e do 28 de novembro de 2012

(PO 569/10, 589/10 e 591/10) que anularon o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 do Decreto 79/2010.

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CPR Quiñones de León está situado na rúa Travesía de Vigo, nº 36 da cidade de Vigo, Pontevedra. Trátase dun centro concertado cos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. O nivel socioeconómico é medio e medio-baixo.

O contexto sociolingüístico é preferentemente castelanfalante. A lingua empregada polas familias habitualmente é o castelán, así como a empregada normalmente nas interaccións comunitarias. O Concello emprega ambas as linguas e as entidades asociativas do contorno utilizan sobre todo o castelán.

En conclusión, podemos dicir que estamos inmersos nunha situación sociolingüística complexa na que se manifesta frecuentemente o factor diglósico predominando o monolingüismo en castelán.

☉ Situación do profesorado


Como queda reflectido nas enquisas a maioría dos profesores coñece e ten un nivel máis que aceptable no coñecemento da lingua galega. A maior parte do profesorado é de orixe galega. O uso do galego dentro da aula é normal pero en moitos casos desaparece fóra desta. O claustro de profesores está formado por un cadro de persoal de 24 profesores, que empregan a lingua galega, na súa docencia, nun 50% en ESO, e nun 25% en E. Infantil e E. Primaria.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

En que etapa impartes a maioría das horas de docencia?

[Copiar](#)


18 respostas



En que franxa de idade te atopas?

[Copiar](#)


18 respostas



Que lingua empregas habitualmente?

[Copiar](#)

18 respostas




PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Como definirías o teu dominio da lingua galega?


 Copiar

18 respostas




Como consideras a túa competencia en galego para levar a cabo a túa actividade docente?

18 respostas




Cres que sería interesante mellorar as túas competencias de galego?

18 respostas




PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Valora os seguintes enunciados:




Valora os seguintes enunciados:



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Cal cres que é a lingua habitual da maioría do teu alumnado?

18 respostas



🕒 Situación do alumnado

O centro conta cun total de 249 alumnos e alumnas (42 de educación infantil, 93 de educación primaria, 114 de educación secundaria).

O alumnado procede da zona do Calvario, zona caracterizada pola presenza de poboación inmigrante, o que produce numerosos problemas de adaptación. Contamos con rapaces de orixe marroquí e de América do Sur, entre outros lugares. Se a inmersión é dificultosa no social, maior é no educativo e no lingüístico.

A porcentaxe de alumnado de orixe estranxeira ou que procede doutras comunidades autónomas é a que se detalla a continuación:


PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Alumnado	Procedente doutros países	Procedente doutras comunidades
Educación Infantil	11,9 %	4,76 %
Educación Primaria	20,65 %	3,96 %
Educación Secundaria	24,56 %	4,38 %
Total	20,96 % do total alumnado	4,03 % do total do alumnado

O alumnado de orixe galega son na súa maioría castelanfalantes como se deduce das enquisas realizadas. Coñecen a lingua e enténdena pero detectamos un proceso desgaleguizador entre as distintas etapas, sendo maior o seu uso e coñecemento nas etapas superiores e menor nas inferiores (E. Infantil, referencia enquisa 3 anos).

EDUCACIÓN INFANTIL. ENQUISAS REALIZADAS: 26


Curso
26 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

26 respostas



Se marcaches "Outras linguas" na pregunta anterior, indica que linguas:


2 respostas

portugués de Brasil

arabe

Que lingua usa habitualmente cos seus amigos?

26 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO


Se marcaches "Outras linguas" na pregunta anterior, indica que linguas:

1 resposta

portugués de Brasil


Que lingua usa habitualmente no colexio?

26 respostas




Como describirías o seu dominio da lingua galega?

26 respostas




PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Valora os seguintes enunciados



1.º E 2.º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA. ENQUISAS REALIZADAS: 20


Curso
20 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

20 respostas



Se marcaches "Outras linguas" na pregunta anterior, indica que linguas:

3 respostas


Alemán y Inglés

Portugués

Português

Que lingua usa habitualmente cos seus amigos?

20 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO


Se marcaches "Outras linguas" na pregunta anterior, indica que linguas:

3 respostas

Alemán y Inglés
Portugués
Portugués


Que lingua usa habitualmente no colexio?

20 respostas




Como describirías o seu dominio da lingua galega?

20 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO


Valora os seguintes enunciados



3.º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA. ENQUISAS REALIZADAS: 121

Curso


121 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO


Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

121 respostas



Se marcaches "Outras linguas" na pregunta anterior, indica que linguas:


24 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO


Que lingua usas habitualmente cos teus amigos?

121 respostas



Se marcaches "Outras linguas" na pregunta anterior, indica que linguas:


12 respostas



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO


Que lingua usas habitualmente no colexio?

121 respostas




Como describirías o teu dominio da lingua galega?

121 respostas




PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Valora os seguintes enunciados



Valora os seguintes enunciados



📍 Situación do centro

A nivel administrativo, observamos que toda a documentación está en galego, agás algún pequeno comunicado no que se adoita empregar a lingua castelá; a materia pendente segue sendo a lingua oral que, aínda que se fan verdadeiros esforzos para que a comunicación sexa en galego, na maioría das ocasións emprégase o castelán (agás nos claustros).

4. OBXECTIVOS XERAIS

- Achegar a nosa lingua aos ámbitos académicos: contribuír a que a nosa lingua sexa un

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

vehículo de comunicación normal en todos os ámbitos da vida académica do profesorado, alumnado e demais persoal.

- Participar, tanto o alumnado como o profesorado, en actividades de fomento da nosa lingua.
- Valorar de xeito positivo a lingua, evitando e vencendo calquera prexuízo e potenciando actitudes favorables á galeguización na escola.
- Mellorar a competencia lingüística tanto a nivel oral coma escrito.
- Fomentar, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Colaborar co EDL, participar na organización das actividades.
- Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua galega, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
- Dar a coñecer as festas tradicionais galegas.

5. OBXECTIVOS POR ETAPAS

☉ EDUCACIÓN INFANTIL

Resultados da enquisa na etapa de Educación Infantil. (Consulta levada a cabo no momento da matrícula, nas datas da súa realización do 20 ao 30 de xuño. Todas as enquisas están arquivadas no Centro.)

A día 4 de setembro de 2023, dos alumnos matriculados no Centro, o 75 % optou polo castelán como primeira lingua; fronte ao 8,33 % que indicou como primeira lingua o galego, e un 16,66 % que sinalou outras linguas.

Tendo en conta estes resultados e a realidade sociolingüística do centro, tomamos a decisión de incluír un proxecto de aprendizaxe da lingua galega nesta etapa, para poder garantir o cumprimento do Decreto 79/2010, coa intención de ir incrementando o uso do galego paulatinamente, xa que é un dos obxectivos que nos propomos tanto no proxecto lingüístico do centro, como no PEC.

Entre os obxectivos que nos marcamos para esta etapa, pódense salientar:

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Adquirir progresivamente autonomía nas producións lingüísticas.
- Desenvolver habilidades comunicativas en lingua galega.
- Entender e valorar o folclore como medio de coñecer o seu contorno máis próximo e como vehículo de transmisión da cultura galega.
- Entender o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Desenvolver a capacidade para relacionarse escoitando, recibindo comprensivamente e producindo diversas mensaxes, mediante o uso progresivo e axeitado da lingua galega, nas súas vertentes oral e escrita.
- Comunicarse oralmente en lingua galega con distintos propósitos: expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas..., con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara á lingua galega.
- Achegarse á lingua galega na súa vertente escrita a través de distintos tipos de textos, e dunha maneira máis lúdica.

Trataremos de conseguir estes obxectivos a través de actividades tipo, nas que cambiaremos o centro de interese co que se estea a traballar nese momento. Ditas actividades tipo son a maioría de carácter oral e a metodoloxía básica é o xogo. Polo tanto temos a escoita de contos de maneira activa, a aprendizaxe de adiviñas, recitados, trabalinguas, cancións e todo tipo de xogos lingüísticos. Asemade realizaremos quebracabezas que asocian as palabras escritas en lingua galega con algún obxecto concreto. Tamén son importantes as actividades relacionadas coa produción plástica, murais, manualidades..., que tamén teñen gran valor motivador e globalizador para a ensinanza de linguas.

Cabe destacar que o proxecto globalizado de traballo dos nenos está integramente en lingua galega, polo que se traballará de maneira globalizada todas as áreas desta lingua.

Salientamos tamén a participación dos nenos de Educación Infantil e do profesorado nas actividades programadas a través do Departamento de Dinamización Lingüística.

☉ EDUCACIÓN PRIMARIA

Entre os obxectivos que nos marcamos para esta etapa, pódense salientar:

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o gozo e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

☉ EDUCACIÓN SECUNDARIA

Entre os obxectivos que nos marcamos para esta etapa, pódense salientar:

- Conferirlle especial atención á oralidade.
- Darlle un pulo significativo á visibilidade do galego. ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc. Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de

diversas ligazóns, a consulta doutras páxinas de interese.

- Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece internet.
- Recompilar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos.
- Ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro.
- Poñer o alumnado en contacto coa realidade actual do país:
 - Mediante a realización de visitas de carácter didáctico que lle permita ao alumnado coñecer a presenza da lingua na Galicia de hoxe, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.
 - Por medio dun panel informativo que recolla as informacións máis importantes relacionadas coa presenza social do galego.

6. MEDIDAS GRADUAIS PARA FOMENTAR O USO DO GALEGO

- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca, etc.
- Empregar a lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.

7. ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS CON RESPECTO Á LINGUA

- No caso da lectoescritura, é moi doada a transferencia de aprendizaxes dun a outro código, polo que se debe facilitar esa transferencia cunha aprendizaxe paralela, aínda que haxa unha pequena diferenza temporal. Como sabemos, isto non fará perigar en ningún momento a súa competencia na L1, asegurada pola súa presenza case única nos contextos

familiar e social. Deste xeito, o contexto escolar será o que o alumno teña para a aprendizaxe da que para el será a L2. Como as linguas só se aprenden se se utilizan, o emprego do galego na aula será a vía idónea para que poida adquirir a competencia nesa L2.

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc. Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de diversas ligazóns, a consulta doutras páxinas de interese. Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc. Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica. Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca, etc.
- Establecer pautas de compromiso e fidelidade lingüística destinadas ao alumnado, propondo «contratos» de uso da lingua.
- Medidas de apoio e reforzo. Creación de grupos de adquisición de linguas para o alumnado de orixe estranxeira, tal e como se recolle no Plan de Acollida.

8. LISTAXE DE MATERIAS E LINGUA EN QUE SE IMPARTEN

EDUCACIÓN INFANTIL

- Lingua Galega: Crecemento en harmonía, Descubrimento e exploración da contorna, Relixión/Atención Educativa.
- Lingua Castelá: Comunicación e representación da realidade.
- Lingua Inglesa: Lingua estranxeira-Inglés.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Lingua Galega: Ciencias sociais, Educación Física, Lingua Galega e Literatura, Música e Danza, Relixión/Proxecto Competencial, Educación en Valores Cívicos e Éticos.
- Lingua Castelá: Lingua Castelá e Literatura, Educación Plástica e Visual, Matemáticas.
- Lingua inglesa: Ciencias da Natureza, Lingua estranxeira-inglés.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- Lingua Galega: Titoría, Xeografía e Historia, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Lingua Galega e Literatura, Bioloxía e Xeoloxía, Música, Educación en Valores Cívicos e Éticos, Relixión/Proxecto Competencial, Cultura Clásica, Educación Física.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Lingua Castelá: Educación física, Lingua Castelá e Literatura, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía e Dixitalización, Música, Latín.
- Lingua inglesa: Lingua estranxeira-inglés.
- Lingua francesa: 2ª lingua estranxeira-francés. Exención da lingua francesa en 1º e 2º atendendo ás características particulares do alumnado e aos criterios da LOMLOE.

⊙ Porcentaxe de horas en cada lingua

ETAPAS	MATERIAS	CURSOS					
		4º	5º	6º			
Educación Infantil	Comunicación e representación da realidade	12	12	12			
	Crecemento en harmonía	5	5	5			
	Descubrimento e exploración da contorna	4	4	4			
	Lingua Estranxeira - Inglés	3	3	3			
	Relixión/A.Educativa	1	1	1			
	TOTAL HORAS LECTIVAS	25	25	25			
	PORCENTAXE HORAS L. ESTRANXEIRAS	12%	12%	12%			
PORCENTAXE HORAS L. CASTELÁ	48%	48%	48%				
PORCENTAXE HORAS L. GALEGA	40%	40%	40%				
Educación Primaria		1º	2º	3º	4º	5º	6º
	Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
	Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
	Educación Física	2	2	2	2	2	2
	Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
	Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
	Lingua estranxeira – Inglés	2	2	3	3	3	3
	Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
	Matemáticas	5	5	4	4	4	4
	Música e Danza	1	1	1	1	1	1
	Relixión/Proxecto competencial	1	1	1	1	1	1
	Educación en Valores Cívicos e Éticos						1
	TOTAL HORAS LECTIVAS	25	25	25	25	25	25
	PORCENTAXE HORAS L. ESTRANXEIRAS	20%	16%	24%	20%	24%	20%
PORCENTAXE HORAS L. CASTELÁ	40%	44%	36%	36%	36%	36%	
PORCENTAXE HORAS L. GALEGA	40%	40%	40%	44%	40%	44%	
Ed. Secundaria		1º	2º	3º	4º		
	Titoría	1	1	1	1		
	Xeografía e Historia	3	3	3	3		
	Educación Física	2	2	2	2		
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2		2			
	Lingua Castelá e Literatura	4	4	3	3		
	Lingua Galega e Literatura	4	4	3	3		
	Lingua estranxeira - Inglés	3	3	3	3		
	2ª Lingua estranxeira - Francés	2	2				
	Matemáticas	4	4	4	4		
	Bioloxía e Xeoloxía	3		2	3		
	Física e Química		3	2			
Tecnoloxía e Dixitalización	3	3					

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Música		2	2	
Optativa 3ª: Educación Dixital / 2ª Lingua estranxeira – fr.			3 / 3	
Opción 4ª: Física e Química / Latín				3
Opción 4ª: Expresión Artística / 2ª Lingua estranxeira – fr.				3
Educación en Valores Cívicos e Éticos			1	
Relixión/Proxecto Competencial	1	1	1	1
Optativa 4ª: Cultura Clásica				3
TOTAL HORAS LECTIVAS	32	32	32	32
PORCENTAXE HORAS L. ESTRANXEIRAS	15,62%	15,62%	18,75%	9,37%
PORCENTAXE HORAS L. CASTELÁ	40,62%	43,75%	40,62%	34,28%
PORCENTAXE HORAS L.GALEGA	43,75%	40,62%	40,62%	48,51%

9. PROXECTO BILINGÜE

O claustro de profesores do noso centro optou por impartir en inglés os coñecementos correspondentes ás seguintes áreas non lingüísticas nos cursos que seguen na Educación Primaria, axustándose ao Decreto 79/2010:

- Área de Ciencias Naturais: dúas sesións semanais.

O total das horas impartidas no idioma específico, ao que debemos engadir as horas da área da 1.ª lingua estranxeira correspondente a cada curso, quedará como segue para todos os cursos onde están a funcionar as seccións bilingües.

A coordinadora do Proxecto bilingüe é a profesora Elena Santasmarinas.

1.º EP	Castelán	%	Galego	%	Inglés	%
C. da Natureza	-	-	-		3	12%
1.ª Lingua estranx.	-	-	-	-	2	8%
Resto	10	40%	10	40%	-	-
TOTAL	10 horas	40%	10 horas	40%	5 horas	20%

2.º EP	Castelán	%	Galego	%	Inglés	%
C. da Natureza	-	-	-		2	8%
1.ª Lingua estranx.	-	-	-	-	2	8%
Resto	11	44%	10	40%	-	-
TOTAL	11 horas	44%	10 horas	40%	4 horas	16%

3.º EP	Castelán	%	Galego	%	Inglés	%
C. da Natureza	-	-	-		3	12%
1.ª Lingua estranx.	-	-	-	-	3	12%
Resto	9	36%	10	40%	-	-
TOTAL	9 horas	36%	10 horas	40%	5 horas	24%

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

4.º EP	Castelán	%	Galego	%	Inglés	%
C. da Natureza	-	-	-		2	8%
1.ª Lingua estranx.	-	-	-	-	3	12%
Resto	10	40%	10	40%	-	-
TOTAL	10 horas	40%	10 horas	40%	5 horas	20%

5.º EP	Castelán	%	Galego	%	Inglés	%
C. da Natureza	-	-	-		3	12%
1.ª Lingua estranx.	-	-	-	-	3	12%
Resto	9	36%	10	40%	-	-
TOTAL	9 horas	36%	10 horas	40%	6 horas	24%

6.º EP	Castelán	%	Galego	%	Inglés	%
C. da Natureza	-	-	-		2	8%
1.ª Lingua estranx.	-	-	-	-	3	12%
Resto	10	40%	10	40%	-	-
TOTAL	10 horas	40%	10 horas	40%	5 horas	20%

10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Dinamización Lingüística do centro está composto por:

- Coordinadora: Carmen Pereiro.
- Profesorado das tres etapas educativas: María Velilla (coordinadora de Educación Infantil), Elena Santasmarinas (coordinadora de Educación Primaria), José María Carpintero (coordinador de Educación Secundaria), Ana López (profesora de Educación Primaria).
- Director: Juan Castro.
- Xefa de Estudos: Isabel Faya.
- Persoal non docente: Bárbara Hevia.
- Alumnado: Teresa Novoa e Noa Romero (3.º ESO).

As reunións ordinarias terán lugar os martes e as extraordinarias, que se consideren, desenvolveranse segundo as necesidades do curso escolar. Celebrarase, polo menos, unha reunión por trimestre.

IMPORTANCIA DO EDL

Dinamizar o uso do galego implica recoñecer e superar rutinas académicas que nos invitan a deixar as cousas tal como están, sen entrar a reflexionar sobre o feito estatístico de que as xeracións máis novas cada vez falan menos galego.

Dinamizar o uso do galego implica unha reciclaxe como docentes, que se concreta na necesidade de facer un esforzo para aprender ou reaprender a lingua, co fin de utilizala con corrección e flexibilidade.

Dinamizar o uso do galego implica desbotar os prexuízos lingüísticos aínda habituais entre o propio alumnado e as súas familias.

En definitiva, dinamizar a lingua consiste en pasar das boas intencións a unha acción persistente no uso público e profesional do idioma, sempre desde una actitude dialogante, que inclúa o respecto das opcións lingüísticas individuais dos membros da comunidade educativa.

☉ ACTIVIDADES PERIÓDICAS E CONCRETAS

Os proxectos que se queren desenvolver serán programados polos distintos ciclos educativos, e estarán dirixidos a todos os membros do colexio. A finalidade principal é involucrar e relacionar a todo o alumnado, profesorado e familias nas actividades. Así como compartir a cultura galega e fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito.

Realizaranse todas aquelas actividades que nos axuden a alcanzar os obxectivos propostos. Entre as actividades que adoitamos realizar para visibilizar a nosa lingua están as relacionadas con estas celebracións: o magosto, o Samaín, o Nadal, a Paz, o Día de Rosalía, o Entroido, a Semana do Libro, os Maíos, a Semana das Letras Galegas.

11. ÁMBITOS E SECTORES DO CENTRO

☉ ADMINISTRACIÓN

- Os documentos administrativos redactaranse, con carácter xeral, en galego.
- As actas, comunicados e anuncios redactaranse, con carácter xeral, en galego, agás as comunicacións con outras comunidades autónomas e con órganos da Administración do Estado, radicados fóra de Galicia, nos que se utilizará o castelán.

☉ XESTIÓN ACADÉMICA E PEDAGÓXICA

- Nas clases de Lingua e Literatura Galega usarase o galego.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Nas clases de Lingua e Literatura Castelá usarase o castelán, e as programacións e outros documentos didácticos referidos á lingua castelá poderán estar redactados nesta lingua.
- Nos plans de avaliación do centro e nos plans de avaliación da función directiva terase en conta o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no uso e normalización da lingua galega.
- O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.
- O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorporan unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

☉ INTERACCIÓN DIDÁCTICA

- Todos os profesores deberán ser moi coidadosos no uso correcto do idioma en todo o momento, e moi especialmente diante do alumnado. O alumno ve no profesor un modelo de lingua, e este debe prestar a debida atención ao uso e ás actitudes que mantén cara a ela.
- Evitaranse asociacións co ruralismo e alusións constantes ao mundo tradicional.
- Evitaranse prexuizos e estereotipos negativos.
- Achegarase todo tipo de textos e incorporaranse os usos necesarios para actuar en galego en todos os ámbitos da actividade escolar.

- O clima da aula debe favorecer a normalización da lingua, a través do taboleiro de anuncios, calendarios, murais...

⊙ RELACIÓN CO CONTEXTO FAMILIAR

- Practicamente todas as comunicacións escritas empregan a lingua galega. A nivel oral, o seu uso é menor polo que propoñemos insitir e invitar a todos os que conforman a nosa comunidade educativa a aumentar de xeito paulatino o uso do galego.
- Todas as persoas que conforman a comunidade educativa teñen responsabilidade no PLC.

12. ADDENDA E REVISIÓN

No mes de setembro presentarase unha addenda anual na que se incluírá información sobre programas e actividades que se desenvolverán nese curso.

O presente proxecto terá unha vixencia de catro cursos.